



D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DE ARES (A CORUÑA),

CERTIFICO:

Que pola Xunta Municipal de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de novembro do 2024, adoptouse o seguinte acordo:

PUNTO NUM 2. BASES CAMPAÑA DE APOIO AO PEQUEÑO COMERCIO E Á HOSTELERÍA DE ARES

Elaboradas as Bases da **CAMPAÑA DE APOIO AO PEQUEÑO COMERCIO E Á HOSTELERÍA DE ARES**, entre o 1 de decembro do 2024 e o 31 de xaneiro do 2025, a Xunta Municipal de Goberno acorda por unanimidade aprobar as mesmas e proceder á súa publicidade segundo se transcriben a continuación:

“CAMPAÑA DE APOIO AO PEQUEÑO COMERCIO E Á HOSTELERÍA DE ARES

1 de decembro do 2024 ao 31 de xaneiro do 2025

BASES DE PARTICIPACIÓN

1- **O BXETO:**

O obxecto destas bases, é a participación de todas aquelas persoas en calidade de clientes ou consumidores que desexan participar no pobo de Ares co fin de apoiar, ao comercio e á súa hostalería local.

2- **PROCEDEMENTO:**

O Concello de Ares comprométese a:

1-Organizar e impulsar a campaña de apoio

2-Proporcionar a publicidade necesaria para o desenvolvemento da campaña (carteis, rascas, difusión nas redes sociais, páxina web...)

3-Realizar o seguimento e resolver cantas cuestións xurdan.

O PREMIO REALIZÁSESE DA SEGUINTE FORMA

Os locais darán aos seus clientes un vale-rasca por compras superiores a 10 euros.

Os clientes que resulten agraciados, estarán obrigados a gastar as cantidades premiadas en calquera dos establecementos adheridos do concello de Ares, ben sexa de hostalería como do pequeno comercio.

Vale para compras superiores, o agraciado pode poner o resto do importe, e por inferiores quedará o crédito pendente.

Os vales premiados, serán entregados polos empresarios ou donos dos establecementos na entidade ABANCA de Ares, cuxa entidade lle ingresará en efectivo.- O vales caducarán aos cinco meses. Data límite o 30/04/2025.

Para iso terá que presentar, o ticket de compra no establecemento onde vai ser canxeado o premio, nome e DNI do agraciado, xunto o vale premiado.

Lembramos que para maior axilidade grapen os seus resguardos ao boleto premiado.

O premio de maior contía (500 euros), entregarase ao cliente agraciado no Concello de Ares, quen deberá achegar, o seu ticket correspondente. O vale de compra deste importe, poderá ser fraccionado a pedimento da persoa ganadora, por vales inferiores ata o seu importe total.

Todos os comercios adheridos, terán un adhesivo identificativo conforme participan no apoio á hostalería e ao comercio local.

NUMERO DE VALES PREMIADOS

100 VALES DE 5 EUROS

100 VALES DE 10 EUROS

50 VALES DE 20 EUROS

20 VALES DE 50 EUROS

10 VALES DE 100 EUROS

1 VALE DE 500 EUROS

Total 5.000 Euros en premios

Cada establecemento que se adhira a esta campaña e as persoas que participan nela, aceptan o contido destas bases polo mero feito de participación e adhesión.”

E para que así conste e surta seus efectos, expido a presente a reservas do disposto no artigo 206 do R.O.F. de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares á data da sinatura do presente.

Vº e Prace

O ALCALDE-PRESIDENTE

D.S.M.

O Secretario

